andaina

REVISTA DO MOVEMENTO FEMINISTA-GALICIA-MAIO-84- Nº 6



Editorial

Un ano mais, ao chegar a data do 17 de maio xurden festas en toda Galicia pra celebrar o día das letras galegas. O curioso é que se celebra esta data como si da festa do pulpo ou do augardente se traatara: gaiteiros, polvo de romarías e multitude de actos que soio sirven de lucimento aos esperpénticos persoeiros que defenden a nosa língua nun día de festa.

O presidente da Xunta fai loubanzas da grande laboura de normativización lingüistica. Nembargantes se nos fiamos das nosas impresións, mais parece que pretenden "dialectizar" o noso idoma, co úneco norte de achegalo cada día un pouco mais ao castelán; mentras, duas mestras son sancionadas por algo tan sinxelo como daren as clases no idioma co Sr. Albor e Cía din defender.

A TVG, non contenta coa programación en castelán que temos durante todo o día, sigue utilizando no seu cativo espacio de programas, unha mistura incomprensibel de galego-castelán que non sirve de ren. Os xornais, ou algúns deles adicaron unhas follas pra conmemorar a data, solidarizándose co uso do galego, pero sin que eso sirva de precendente pra o resto do ano. Si festas de San Benitiño, ou de San Antoniño soi hai unha, ¿Por qué iban ser mais días os que lle se lle adiquen a nosa língua?.

Nós, non queremos cair no mesmo erro. A nosa pequena contribución a defensa do galego é a sua utilización diaria, xa sexa escrita ou falada.

Pódense replicar decindo que deberíamos mellorarla. E certo, e pode ser unha das tarefas a facer nos eguintes númaros desta revista. Pero dende eiqui queremos chamar a atención das mulleres que lean esta revista, daquelas que non fai muito utilizaban o galego e que xa non o fan, porque lles costa, porque xa non está de moda, porque pra algunhas persoas xa non é un obxetivo político a ter en conta, porque pasan de todo e a linguaxe moderna ou post-moderna xa ten outros xiros...

Dende eiqui queremos decir que a nós sí nos parece importante seguir erguendo a bandeira da defensa do noso idoma, como parte importante da cultura do pobo ao que pertenecemos, como testimuña de resistencia frente aos que nos queren asoballar.

A laboura das mulleres é importante. Somos nós as que de xeito maioritario nos ocupamos da educación dos nenos e nenas; as nais teñen nas suas mans a oportunidade de trasmitir unha cultura que está sendo debilitada día a día dende o poder. Nas escolas as mestras poden facer unha laboura inmensa con soio falar en galego. Nos mercados, ese sitio de encontro pra muitas mulleres que traballan en casa, a defensa do galego tamén é un obxetivo.

Xunto con isto, non queremos deixar de suliñar outro aspecto: a enorme importancia de que na literatura galega xurdan novas voces de mulleres que leven a esa cultura esperencias propias, que xunto cos nomes de grandes poetisas xurdan outros de novelistas, ensayistas, lingüistas, etc., que sirvan para a transformación da cultura coa aportación do punto de vista da muller en galego.

Parafraseando o eslogan deste ano no día das letras, decímosvos: Nós en galego, ¿E vos?.

de interés

Xornadas Feministas

O Movemento Feminista de Galicia teimamos dende hai hai algún tempo na celebración dunhas xornadas de encontro e debate para finais de Outubro primeiros de Novembro.

Os temas nos que andamos escomenzando a traballar teñen que ver coa historia pasada e presente do Movemento, coa nosa actual situación e as perspectivas que temos por diante.

A Autonomia do Movemento Feminista e as aportacións do lesbianismo ao Feminismo son dous dos grandes temas que levarán boa parte dos nosos esforzos.

Haber, haberá mais cousas, festa e ledicia entre outras. Xa vos informaremos.

SUMARIO

	Páx.
Editorial	2
Comunicado	3
A muller na Historia: As Petroleiras	4
A muller na conserva. Arousa	5
A muller na Universidade. ¡Boas Novas!	6
Con "S" de Seducción	7
"Amor e cine"	8-9
"Con amor ou sen amor	10
A Muller na Información	11
Do Instituto da Muller	12-13
Lesbianismo: Contra a norma heterosexual	14
De Cine: "Locura de Mujer"	15
Recomendamos	16

a.g.m.- santiago

AUXE DO FEMINISMO

Facendo un resume rapido do que acontecéu nos dous ultimos meses, sinalaremos que a muller vai tendo mais presenza cada día na Universidade. Primeiro foron as mulleres de Medicina e Psicoloxia as que se organizaron. Agora tocoulle o turno as de Filoloxia, que montaron un acto de presentación, no que estivo a AGM de Santiago, con moito público, acto, polemico e positivo, si temos en conta as preguntas e as inquedanzas das mulleres e homes presentes, respecto do papel a xogar polo feminismo para, partido do cambio do cotidiano, chegar a rachar con esta sociedade tan pouco gratificante. A AGM de Santiago estivo tamén presente nun acto, no barrio compostelano de O Castiñeiro, para falar de Sexualidade e lesbianismo, invitada pola Asamblea Parroquial Nosa Señora de Fatima. Alí coñecimos ó grupo de mulleres -de todalas edades e profesións- que fan reunións semanais para falar dos seus problemas. Tentan plantexar alternativas.

En Santa Uxia de Ribeira.- A Coruña- profesoras de FP e do Instituto de Bacharelato, e mais un grupo de mestras, "presentaron oficialmente" e con éxito, ó longo do mes de marzo -coma homenaxe o "Dia Internacional da Muller Traballadora", o seu grupo de mulleres. Tiveron pelicula-debate, o filme cubano "Lucia", con participación de representantes das centrais sindicais; unha charla-coloquio sobre Sexualidade e Anticoncepción, con doctoras e psicólogas e un terceiro acto, verbo da razon de ser do Feminismo na sociedade actual, con mozas da AGM de Santiago.

E para rematar saudar, desexar longa vida, a outro grupo de mulleres que ven de se crear en Vilagarcia de Arousa.

REFLEXIONS SOBRE UN ATENTADO FASCISTA

O 1º de maio, tres ou catro mil traballadores e traballadoras, mozos e mozas, convocados pola Intersindical CCOO e a totalidade dos partidos de esquerda, saímos a rua pra manifestarnos contra da antiobreira e antipopular política do PSOE pra, desafiando a chuvia, berrar a nosa solidaridade internacionalista cos pobos que loitan pola sua liberación, pra espallar polas ruas de Vigo a masacre que a decote está a sufrir o pobo traballador Vasco nas comisarías e nas ruas de Euskadi, as mulleres esiximos na rua un posto de traballo pra poder conquerir a nosa independencia, saimos a rua pra denunciar as agresións sexistas e as violacións. En poucas verbas, mulleres e homes saimos a rua en manifestación combativa contra o capital e o seu goberno.

Ninguén se lembrou do fascismo. Nembargantes ao remate da "mani" unha moza de 17 anos, feminista e militante de MGR foi agredida por catro fachas cando regresaba a casa pra xantar, despois de haber participado na manifestación.

O motivo desta agresión foi ben sinxela, ainda levaba no peito unha pegata do MCG. Este feito foi suficente pra que catro feixistas, rapaces ainda, quixeran amosar a Vicky a sua superioridade.

Era un sitio solitario e pouco transitado, un atallo que Vicky coñecia como muita xente daquela zona. Eles eran mais e mais fortes. Nada mais sinxelo, que facer ver a esa rapaza miuda que eles podían facer con ela o que querían. Esixíronlle que cantara o "Cara al Sol". Ela non se quixo someter, nin siquera sabía ese himno que muitas de nós aprendemos na escola, e que un dos mais agresivos da mencionada pandilla, si se pode decir iso destes sádicos, cantaba pra que ela non tivera a disculpa de non sabelo.

Non fixo falla a excusa, Vicky negouse e foi suficente pra que eles a agarraran, e a pesares dos berros, lle tatuaran tres cruces gamadas e as iniciais de FN nos brazos, nunha perna e no peito, valéndose dunha lima dun cortauñas.

Todo iste proceso foi acompañado de frases insultantes que facían referencia continua ao seu sexo, despois de todo ademais de "roja" era muller, cousa si cabe mais despreciable, e como pouco non compatible coa valentía que amosaba a rapaza.

Nesta ocasión, esta banda de bestias fascistas escolleron pra sua fazaña a unha moza, unha muller nova. Si ben sabemos de sempre que todo o que siñifique exercitar a libertade e insorportable pra os fascistas e que as suas sádicas accións tentan, por medio do terror facer medrar o medo, nesta ocasión queda claro que si é unha muller a que exercita o dereito a libertade tentan cortalo dun xeito "exemplar", co que a agresión fascista que sufriu Vicky é tamén unha agresión sexista que con ela sufrimos toda-las mulleres de esquerdas.

Esta agresión non é un feito aillado senon o culmen das intervencións fachas en Vigo.

Dende fai algún tempo, ou cecais dende que FN se "disolveu" como partido e os seus militantes pasaron a "clandestinidade", pra millor desenvolver a estratexia do terror, veñense producindo en Vigo unha serie de atentados fascistas:

- Atentado contra o local de CCOO
- Atentado contra a sede da UPG
- Atentado contra o cine Vigo, onde se proxectaba o "Caso Almeria"
- Pintadas nos bares e zonas transitadas por xentes de esquerda baixo a firma de "Lobos Grises".
- Agresión a un militante de UPG, cando pintaban un mural.

Ante a falla de resposta e de movilización por parte das forzas de esquerdas contra destes atentados fascistas, así como a falla de resposta solidaria en Vigo pola morte en Moaña de Carlos Meira a mans da Guardia Civil, xurde a agresión do 1º de maio contra Vicky.

A solución témola na nosa man si queremos para xa ó fascismo. Partidos de esquerda, sindicatos e organizacións populares: Asambleas nos centros de ensino, barrios e fábricas, onde se acorrale socialmente a estos individuos, expulsión desas bandas dos centros de ensino estatais, autodefensa contra as suas agresións, e movilización de todo o pobo antifascista que lle amose aos dirixentes destas "bandas xuvenis" que ningún atentado ningunha agresión contra ningunha militante, ou militante de esquerda vai quedar sin resposta.

Doutra banda está a total impunidade ca que actuan os fascistas, da que lle temos que pedir contas ao gobernador civil, así como do obstrucionismo por parte da policía pra desenmascarar a esta xentuza. Esto pode ser motivo doutro artigo. Con este, somentes tentamos facer reflexionar as organizacións de esquerda, e as organizacións feministas entre elas, sobor dunhas esvasticas e as siglas FN postas no corpo casi infantil de Vicky.

¡ Si nos movilizamos o fascismo non pasará !

na historia

AS PETROLEIRAS

"Sempre me lembrarei da época das cereixas
é dese tempo que eu gardo no corazón
unha ferida aberta"
J.B. Clement

No mencer do 18 de Marzo de 1891, estalaba a festa popular, a primeira insurreción proletaria, o primeiro intento revolucionario das crases afastadas. No Paris ocupado polo exército aleman de Bismarck, mal defendido polo goberno de Thiers, o povo toma nas suas mans a defensa da vila i asemade proclama un goberno revolucionario, a Comuna de Paris escomenza. A bandeira bermella flamea no ar dende a torre mais outa do concello.

Os esforzos destes homes e mulleres xuntanse pra botar fora ó invasor e ó poder da burguesía conservadora i entreguista.

Neste primeiro intento revolucionario fracasado, que tanto influxo vai ter na obra de Marx, que dende Inglaterra sigue de perto a sua evolución, i asemade unico exemplo que Lenin vai ter prá Revolución Rusa de 1917, as mulleres teñen unha participación numerosa i activa. Incorporadas masivamente á loita dende profesións moi diversas: mestres, planchadoras, enfermeiras, criadas de servir, obreiras do textil, etc. Dende os primeiros dias organizanse autonomamente como no lo amosa a :"Unión de Mulleres prá Defensa de Paris e coidado dos Enfermos", fundada por Elizabeth Dmitrieff, xoven rusa, ou o Comité de Vixiancia de Montmatre que ten a finalidade de incorporar as mulleres co fusil na man á loita armada, e onde nos aparecen mulleres de tando valor coma Sophie Poirier ou Anna Jaclard, etc,. Esta autoorgaización permitelles elaborar todo un programa de reivindicacións sociais pra rematar coa opresión e rachar os prexuicios patriarcais moi fortes tamen no interior do movemento obreiro. Iste progama ten como pontos fundamentais:

* Incorporación da muller ó traballo co mesmo salario, horario e dereitos que os homes.
* Aceso ó ensino, sobor de todo profesional.
* Rematar coa prostitución (única saída de traballo pra moitas mozas parisinas, como consecuencia da crise económica dos anos 60-70), reintegrando a estas mulleres a outros postos de traballo.
* Dereito ó divorcio e ó aborto.
* Recoñecemento legal e os mesmos dereitos prós fillos ilexitimos.
* Recoñecemento de pensións prás compañeiras dos obreiros mortos ou acidentados, mesmo sin vencello matrimonial.

A estas mulleres activas, vixiantes, intelixentes, loitadoras, que teñen un paso decisivo tanto na orgaización política coma na defensa armada da Comuna de Paris, o goberno burgues, fuxido e refuxiado en Versalles, vaille dar o calificativo de "Petroleiras" porque segun eles, regaban con petroleo as ruas i as barricadas, prendendolle lume despois, impedindo desta maneira a entrada do exército represor entre os sublevados, o calificativo vai pasar á historia pra lembrarnos o ardor i a valentía con que nos dias difíciles da Comuna, estas mulleres manteñen en pe o facho do lume revolucionario.

Elas coidan un mundo novo onde crases e sexos sin explotación nen opresión viven unha vida nova.

A corta duración e o posterior fracaso deste ensaio revolucionario, non lles permiteu ós revolucionarios a realización pratica destes anceios e proxetos dun mundo novo que significaba a Comuna. A represión chega axiña e feroz, o goberno de Thiers quere borrar con sangue a lembranza da loita gloriosa do povo Parisino, as mulleres que caen nesta represión son moitas acorde coa sua participación na sublevación, ás que morreron na defensa, nas barricadas, asesiñadas e fusiladas, temos que engadir 1.051 que pasarán a consellos de guerra, obreiras na sua meirande parte, "Furiosas, envidiosas e desexosas de cartos" asegún os xuices.

O proceso mais célebre vai ser o de Louise Michel, mestra, militante activa dende os anos 1856, un dos cerebros mais lúcidos da Comuna, membro destacada do batallón 61, Homenaxeada por Victor Hugo que dira dela "Plus grande qu'un homme".

BIBLIOGRAFIA:
J.P. AZEMA et M. WiNOCK. "Les Communards". Ed. du Seuil, París, 1964
E. THOMAS. "Les Pétroleuses". París 1963.

Encarna Otero

Artículos regalo
BABA YAGA
PRINCIPE 51
GALERIAS DURAN
22 29 76
VIGO

libraria couceiro
* República do Salvador, 9
Teléf. 595812 • SANTIAGO
* Pza do Libro
Teléf 266377 •
A CORUÑA

¿as mulleres na conserva

ou as mulleres conservadas?

Para comenzar hai que deix radito que a conserveira é a industria mais importante da comarca de Arousa, polas características da zona e tamén que é o sector no que traballan o maior número de mulleres. Hoxe está a padece tamén a crise, pero si para os patróns siñifica unha perda de beneficios pras mulleres que están empregadas nas fábricas de conservas a crise é a perda do posto de traballo ou no mellor dos casos un endurecemento nas condicións de traballo que xa de por si, neste sector, rozan co tercermundismo.

Por exemplo podemos falar do tipo de convenio que teñen: a sua situación é de "traballadores de plantillas fix discontinuas" é decir, traballan 6 meses no ano, tres van ó paro e os outros 3 a "velas vir". Na prácitca nin siquera teñen asegurado eses 6 meses de traballo porque pódense reducir a menos si non hai materia prima ou simplemente si o patrón di que non a hai.



Por outra banda é un sector onde as mulleres están descaradamente discriminadas con respecto aos homes, eles son minoria neste sector pero teñen todos postos fixos de traballo; namentras as mulleres, por exemplo das conserveiras da Illa, traballan e cobran por horas, os homes teñen horario e soldo fixos, os postos de maior cualificación son para os homes, namentras as mulleres teñen pouquisimas posibilidades de ascender, e dende que entran a sua categoría casi que eterna é auxiliar fagan o traballo que fagan en canto a responsabilidade e risco.

Poderiase estar a escribir páxinas e páxinas de historia destas mulleres, dos chanchullos e as aldraxes a que estiveron sometidas moitas delas, de como "distinguidos caballeros" se permitian manosealas, ou as obligaban a deitarse con eles, baixo amenazas de despido. Tamén teríamos moito que decir das suas loitas por conquerir mínimos dereitos: de estabilidade no traballo, de que non sexa obligatorio facer horas extras, de que as nais podan ter unha hora para dar de mamar ó neno, etc.; recordar, por exemplo a loita que levaron as traballadoras de Pita no ano 74 para que o empresario non lles retivera unha semán do soldo mensual, que polo visto abonaba cando deix aban o seu posto de traballo.

Para as mulleres que traballan na conserva o falar de doble xornada é unha cousa que non ten senso; a maior parte delas falarían de cúadruple ou máis, porque logo de deix na fábrica teñen que traballar na casa, ou na leira, e moitas os sábados van ó mercado a vender as leitugas ou o tomate, ou o peixe que trouxo o marido do mar.

Con este panorama non é de extrañan que moitas vexan o seu traballo como complementario e que si o marido ganase máis o deixarian. Nótase unha concepción difetente nas máis novas, non soio porque valoran mais o traballo como unha forma de independencia senon porque están interesadas en outros temas: aborto, anticonceptivos, etc, e non soio nos de tipo económico-laboral.

Para rematar decir que a pesares do seu baixo nivel de coñecemento (a maior parte delas non teñen nin estudios primarios) e da sua pouca concencia de explotadas, son mulleres moi combativas, loitadoras, espontaneas, e sobor de todo moi escarmentadas polos sobornos e polos chanchullos que lles teñen feito.

Mulleres de Arcusa

VIGO: VIOLACION E ABUSOS DESHONESTOS A TRES MUJERES

Tres rapazas de 13 a 15 anos foron amenazadas por varios rapaces que as levaron a un edificio en construcción, onde foron obxeto de toda clase de toqueteos e vexacións por parte dos agresores, que violaron a unha delas.

Neste caso o reflexo da sociedade machista ten como autores a uns rapaces que ainda sin chegar a ser homes repiten as leccións xa aprendidas de agresión de un sexo a outro pra amosar a sua forza física. Non podemos esquecer as voces que se erguen pra tildar de delincuentes a todo-los violadores, non polo delito da violación senon pra xustificar as violacións como un delito mais dentro da "inseguridade ciudadan". Pra nós a violación ten outros caracteres específicos que se centran na educación desigual; repetilo unha vez mais non está mal. Si esta vez os rapaces agresores son tamén carteristas ou perteñecen a un barrio mal considerado non e mais que un dato neste caso concreto. Un xeito de sentirse superiores nesta sociedad onde eles son tratados casi como animales, un xeito de dominio cando eles están sendo dominados.

A sociedade machista é culpabel, pero eles tamén o son dunha agresión tan grave como a violación que pode deixar graves traumas as rapazas que a sufriron.

Un novo aldabonazo pra amosar que as violacións existen e que debemos loitar activamente contra elas.



A muller na Universidade. ¡Boas Novas!

Sí, Novidades ! Son xa catro os grupos de mulleres na Universidade. Primeiro Psicolóxia, mais tarde Mediciña, e agora ¡por fin! decidíronse as mozas de Filoloxía e Historia. ¡Viva!

Coido que sobra dicer a falla que facíamos; por fin as chicas cansas de escoitar as babosadas dos chicos, dos profes, dos libros... puxémonos a traballar e namais escomenzar descobrimos que eramos, ainda, mais precisas, que todo aquelo que semellaba do mais natural (que sempre falaran os mozos nas asambleas, que sempre foran eles os nosos "representantes", os nosos "líderes", os nosos "portavoces"...) de natural tiña ben pouco. Que nós podiamos facelo tan, pero que tan ben e só era cousa de "mans á obra". Ah! Os libros, as clases... inda pior. A mediciña, a psicoloxia, a historia... a ciencia con maiuscula, pretendidamente racional e obxetiva está condicionada:

1.- Por quen a elaboura, manipula e traballa con ela: "os homes" e
2.- A sociedade a quen estes chamados "presupostos científicos" van dirixidos: "machista e patriarcal".

Asi, a ciencia polo xeral adicóuse a facer un tratado do masculino e si o masculino para se embelecer precisaba doutro componente, van e meten o femenino, o que o home precisa para confirmar a sua virilidade, a sua supremacia.

Deica agora, as mulleres dixemos pouco e por elo temos pagado ben caro.

Hora era de que escomenzaramos a definirnos, a dicer coma somos e coma nos gostaria ser. A facer a nosa propria HISTORIA.

Sobre tal base, pode alguien afirmar que non teñen a sua importancia os grupos de mulleres na Universidade?.

...E chegou o Claustro e todo o proceso constituinte que en teoria permitia definir o modelo de Universidade que queremos. Aí as mozas tiñamos que erguer a voz. A trancas e barrancas, fúmonos abrendo paso. Moitas de nós traballámos nos C.A.F. (Comités Abertos de Facultade) e si estes querian contar coas chicas, deberian deixar escoitar a sua voz, e deixaron: O programa Manifesto dos CAF recollia nos seus pontos básecos a demanda dunha Universidade non sexista, a denuncia de que a igualdade legal existente non chega, que ás mulleres dende a escola e a familia se nos condiciona para que non elixamos carreiras que podan interferir no destino de nais e esposas. Que a doble xornada existe tamén na Unviersidade; que cando os cartos non chegan quen fica na casa é a muller... que os buses e as bibliotecas están moi ben, pero que tamen fan falla guarderias e asi por non seguir enumerando.

E certo que nas Coordinadoras, asambleas, comités, os mozos seguen a levar a voz cantante, pero, as cousas non se mudan da noite para a mañán.

Os nosos triunfos son cativos, semellan formais pero nos entendemos ben a sua importancia política: A candidatura dos CAF era a que levaba unha porcentaxe mais outa de mulleres (siñificativo que fora en Psicoloxia, a facultade onde o grupo de mulleres ten mais tempo, chegaba ao 67 por cento). Na mesa provisoria a 1ª candidata era unha moza, na candidatura para o equipo rectoral propuxemos a unha chica tamén.

Os mozos protestan, sobresáltanse, din que non entenden. Hai debate, discusión. Entendan ou non entendan, as mozas organizadas temos mais forza, atopámonos mais seguras, imos sabendo millor o que queremos e escomenzamos a saber, tamen, o que nos vai custar.

Haberá que presionar, loitar pero ¡ i seguir adiante!!

NOVAS DE ULTIMA HORA NA UNIVERSIDADE

A vista do acontecido na última xornada de debate para a composición do equipo rectoral da Candidatura dos Comités abertos de Facultade (CAF), vémonos na obriga de engadir istes párrafos.

Dentro dos CAF as contradiccións entre homes e mulleres non se fixeron esperar. A proba delo foi toda a batalla que tivemos que dar e manter á hora de compoñer o equipo rectoral. Alí, os chicos dos CAF -xunto co candidato a Rector: Sr. Beiras- amosaron cos seus xuicios e criterios, a valoración social dominante sobor da muller, aceptando implícitamente que non existía entre as mulleres ningunha "capaz" de representar ao Vicerrectorado dos/as estudantes.

De pouco serviron os nosos argumentos, protestas e alegacións.

Con isto queda craro que esta Universidade sexa de dereitas lles molesta como a nós tamén, pero que siga sendo unha Universidade machista abondo, semella non preocuparlles demasiado aínda aos homes que se dín mais progresistas.

As mozas de pouco nos vai valer unha Universidade Galega, se segue a manter os mesmos prexuicios sexistas contra das mulleres, se hemos de seguir aguantando as agresións machistas, embuténdonos dunha ciencia discriminatoria e prexuiciosa. Coma mulleres universitarias non aceptamos ser consideradas "estudantes de segunda"; de nada nos sirven as palabras bonitas que se nos permite poñer nos programas eleitorais. Queremos feitos, avances reais e vós (os homes dos CAF) nesta cativa pero importante loita amosachedes pouca vontade política para mudar a nosa situación.

Isa. P. (Grupo Mulleres Psicoloxia)

librería abraxas
Montero Ríos, 50 — SANTIAGO
Teléfonos 580377 - 580587

El HALCON MALTES
Pasadizo del Orzan, 2
Telf.: 20 10 54
LA CORUÑA

Enrollate co teu pelo
Peinate en...
Mara Costas
Mª Berdiales, 21 - 1º esq
Tfno. 21.83.98 - VIGO -

CON "S" DE SEDUCCION



A seducción e un dos xogos mais atractivos que ten o ser human. E o xogo nas relacións cos demais. Non se trata de "xogar cos demais", senon de introducir ou utilizar nas nosas relacións o que ten de enriquecedor o xogo.

Indudabelmente hai moitos xeitos de comunicarse cos outros e a seducción é soio un deles, mais ten pola sua natureza lúdica, unhas características creativas, relaxantes, disinhibidoras, máxicas, etc., que pega a pena reivindicar para transformar as nosas, habitualmente tensas, relacións humáns.

Poderíase dicer que a seducción xurde do desexo de agradar, de atraer hacia nós a atención dos demais, de que se nos recoñeza. Todos somos seductores nalgunha medida xa que todos temos, non soio o desexo, senon tamén a necesidade de gostar e todos somos á vez seducidos, porque non soio nos gosta moita xente ou longo da nosa vida, senon que, ademais, estamos potencialmente predispostos a que así seña. Nembargantes, a maioria de nos dudariamos moito antes de nos chamar seductoras ou seducidas a nos mesmas. ¿Cal é, pois, a diferencia entre o xeito de actuar de alguen tratando de seducir e a de alguen que soio desexa gostar?. Penso que a diferencia está en que o seductor coñece os seus, poderiamos chamar, encantos e disfruta mostrandoos ao outro. Tratar de escomenzar un xogo no que a outra persona participe, devolvendo ca sua reacción positiva unha imaxe aceptada e transformada de si mesmo. Mais é mais, eu penso que moitas veces, o seductor, o que desexa é ser seducido polo outro e o que fai con seu xogo é provocar unha actuación que, doutro xeito, cicais non se dera. Neste caso, serian ambolos dous á vez seductores e seducidos. Pode suceder tamen que non haxa ningunha resposta, co que o xogo interrumpese.

A seducción é un ingredente que pode entrar en calquer relación human e un elemento de gran importancia nas relacións amorosas e sexuais.

A seducción nun principio, é moi positiva xa que conleva unha gran dose de autocoñecemento e autoaceptación (seguro que vos deixachedes en como algo que mirado obxetivamente é un defecto, é utilizado por un individuo como elemento de seducción. Podese pensar, levando o meu exemplo a un extremo exaxerado, nas figuras de Groucho Marx ou Woody Allen, no cine, que aproveitan os seus poucos afortunados fisicos para transportarnos a un mundo no que o encanto e a maxia teñen moita mais importancia que o que veriamos neles a primeira vista).

Outro aspecto positivo ven dado porque o que inicia o xogo faino mostrando as suas mellores cartas e desplegando gran cantidade de enerxía positiva. Esto fai que os demais baixen as suas barreiras e sintan, á sua vez, necesidade de mostrar o mellor deles mesmos.

Outro efecto positivo é o de disinhibición. En todo tipo de comunicación human e ainda mais na erotica, non empregamos soio a linguaxe verbal, utilizamos, sexamos ou non conscentes delo, a nosa linguaxe corporal. Os outros len no noso corpo, fala a nosa estructura, os nosos movimentos, xestos, tics, etc. Mais temos demasiadas tensións i esto danos, á hora de expresar algo, unha especie de "tartamudeo corporal". O corpo se expresa a trompicons, non deixamos que as emocións se traduzcan craramente nos nosos xestos, parámolas cos musculos e as articulacións, o que fainos rixidos, inexpresivos, e de paso, danos molestias innecesarias. O que non evita que non podemos escondernos, esta mesma tensión delatanos e, si ben é certo que os outros non saberan a cencia certa o que pasa, o que saberan sin dubida é que pasa algo, que temos medo, etc. Moitas veces enviamos ademais mensaxes contradictorios ca lingoa e co corpo. A nosa boca esta a dicer: "Estou a gosto contigo" e os ollos estan totalmente distraidos ou a nosa man xoga nerviosa cun boligrafo como decindo: "Remata asiña, que teño que irme".

En todo o que expresamos está implicita a ideia que temos de nos mesmos, si nos aceptamos, si nos consideramos ou non atractivas, sensuais, etc., Atrevernos a mostrarnos como somos é o primeiro paso para a nosa propia aceptación i este é o primeiro paso para que nos acepten os demais. ¿por qué non xogar a expresar o que somos e sentimos ante quen nos apeteza e deixar que eles fagan o mesmo?.

Hai ainda outro aspecto que paréceme de gran importancia na seducción é o seu indudabel toque máxico. Non sei que é o que fai máxica a unha persona cando xoga a seductora, mais o certo é que é asi. Cicais sexa porque deixa entrever maltitude de posibilidades que a nosa imaxinación capta e agranda segundo seus desexos e cicais sexa de ahi, da interacción entre as posibilidades que entrevemos e as nosas propias fantasias de donde xurde o atractivo e o risco da seducción. E tamen por esto polo que nos resultan atractivas cousas tan distintas a uns e a outros e incluso a unha mesma persona en distintas etapas da sua vida.

Mais o noso famoso xogo ten moitos detractores. Uns porque confunden, ao meu entender, o exposto arriba, cunha figura que poderiamos chamar "inmadura devoradora de admiración". E a xente que necesita o continuo recoñecemento dos demais, sentindose seguros soio cando son o centro de atención e que non soio non estimulan ca sua actitude o que o outro se autovalore, senon que castra, para sentirse mais forte, as suas posibilidades no seu propio proveito.

Outras veces, a mala fama venlle de que vivimos a seducción de xeito culpabilizado. "¿como se pode xogar cando hai personas polo medio?". E como dí Fina Sanz, "todos somos reos dun castigo eterno pola seducción de Eva".

E non quero resistir a tentación de falar tamen doutros enemigos, dos que son enemigos de calquer cousa que nos libere. Sorprendeume que o diccionario da LINGUA ESPAÑOLA dí, ao respecto, a seguinte definición:

Seducir: incitar suavemente ao mal, Cautivar, Atraer a vontade.

Caberíase preguntar que é o que consideran o mal e non quero ser moi mala, mais paresceme que estan a falar doutra cousa. ¿Como deberiamos chamar ao que fan o señores da propaganda cos seus spots televisivos outamente estudados e sofisticados, cos que tratar de nos cautivar e atraer a nosa bontade para levarnos polos diabolicos camiños de ciudadans consumidores de seducción de agua de colonia, de velocidade, de poder, etc.? ¿non deberiamos dicer que estan eles tratandonos de seducir con sensacións de pacotilla?.

Isabel Guillén

AMOR E

Nos derradeiros tempos os seres humans descubriron un dos medios mais eficaces e direitos pra nos transmitir as suas emocións e iste medio é sen dúbida algunha o cinematográfico. Tamén é evidente que o amor é cecais a emoción que mais conmove as mulleres e homes do noso cativo planeta. Polo cal, a mextura destes dous elementos, amor e cine, fan un brebaxe embriagador que consumimos sen recato algún as/os aficionadas ao "septimo arte".

A cotío e en calqueira lugar do mundo, dende Egipto ata China, milleiros de persoas exercen de "Voyeurs" cobexándose na complice oscuridade das salas de cine, fitando o branco rectángulo onde se proieutan as mil e unha incidencias do noso vivir cotidian.

Ante a nosa mirada de rapaces, eternamente curiosas e desconcertadas, ofrecesenos a representación do inquedante e singular fenómeno do amor, mostrandonos o noso continuo debater no misterioso e atrainte océano de vivencias, rexeitos, afirmacións, negaciós, canibalismo e autodestrucción meticulosa... Océano no que as vegadas parécenos, saimos triunfantes ou, sinxelamente, salvamos a pel. Os diretores e guionistas cinematográficos limitanse a recoller os restos do naufraxio e tratan de recompoñer esta historia inconclusa.

Na prehistoria do cine carecíase dunha visión globalizadora do fenómeno erótico-amoroso, limitábanse a mostrarnos as típicas e tópicas historias de amor dende un mal entendido romanticismo que leva á consideración do amor como algo independente, como unha relación autónoma entre dous seres aillados do seu contexto histórico-social, que atenden soio as suas propias normas, esquecéndose dos numerosos factores que, de feito, inciden na sua relación. Cicais, a orixe desto, débese a que as xentes que frecuentaban os cinematógrafos pertenecían as crases populares e eran asiduos lectores dos chamados "folletines por entregas" nos que se contaban historias truculentas e lacrimóxenas. Os pioneiros da industria cinematográfica descubriron eiquí un auténtico filón e explotáronno -inda o fan hoxe- sen escrúpulo algún.

Alguns dos tiduos mais sonados da época dannos unha idea das "tenras historas de amor" que consumían as/os espectadores: "Las dos niñas de Paris". "Esmeralda", "La dama de las camelias", "Marcha nupcial". "La otra" etc. En algunas ocasions estas historias adubiábanse en forma de pretenciosos dramas históricos "Cabiria", "Quo Vadis", etc., en fin, cristiáns que remien a disolutos tribunos románs, amores imposibles, orfas aldraxadas que o final bingábanse do aborrecíbel seductor ou mulleres abouradas por villanos que eran salvadas por un mozo impetuoso, apuesto a vez que modesto e de perfil irreprochabel. Mais adiante buscóuse ampliar o círculo de espectadores ás crases medias, incorporando con iste fin ás mellores actrices e actores teatrais. Os nomes de Eleanora Duse ou Sara Bernhart foron algúns dos mais destacados; buscóuse tamen a colaboura de coñecidos escritores: D'Anunzio, T.S./ Elliot.

A incorporación destas celebridades siñificou unha maior esixencia de calidade nos guións cinematográficos, calidade que a partires dos anos trinta foi mais acusada; novas aportaciós literarias e a incorporación dos escritores mais importantes e comprometidos do panorama literario norteamericán e europeo aportaron unha visión mais realista e critica da vida e en concreto das relaciós amorosas na pantalla. Hemingway contriubuirá decisivamente a rachar co esquema que os productores impoñían ("chico busca chica - atopanse- final feliz"). Esto pechábase en círculos perfectos de vez en cando engadíase o aliciente dalgún "adulterio ou relación perversa" pero, de seguido castigábase aos culpábeis que infrinxían as normas, e de novo o "final feliz".

Eles mostráronnos a conexión entre o desenrolo erótico ou amoroso da parella e as circunstancias histórico-político-sociais, (non hai que esquencer que USA i Europa deixaban atrás a recesión económica do ano 29). E conqueriron abrir unha importante brecha nos esquemas holliwoodianos deses anos, nos que se pecaba dun enfoque idealista e mixtificante do amor, que nos presentaba dous seres pechados nunha illa afectiva impermeábel a calqueira xeito de modificacións provintes do exterior.

Foi unha dura batalla que rematou co "tiro a toalla" de moitos, a deserción doutros, a morte de mais dun e a dura loita pola sobrevivencia de todos; o peso da "caza de bruxas" dictada dende o "Comité de Actividades Antiamericáns", cebóuse sobre todo en Hollywood. O Estado era conscente da tremenda forza de comunicación que era o cine -era a época da guerra fría- que moitas destas mulleres e homes cuestionabanse ao traverso das súas películas algúns dos valores da sociedade norteamericán, polo que foron acusados de contribuir á expansión das destructivas doctrinas comunistas.

Namentras estes eventos de renovación recorrían Europa, en Italia e concretamente no ano 1942, Visconti, ca sua primeira película OSSESIONE, baseada na novela de James M. Cain, "O carteiro sempre chama dúas veces". Ista película presentanos unha historia de amor na cal a relación erótico-amorosa obsérvase como un acto de comunicación intensa dentro do que cada ún dos protagonistas pon en xogo un mundo personal sobre o que gravita, de xeito definitivo, a conformación do contexto sociolóxico - no senso mais amplo da palabra- que lle tocou vivir. Foi o primeiro paso de contactación ca realidade italiana que, até o intre, fóraselle escamoteada aos espectadores pola Administración fascista. Foi a primeira avanzadilla do neorealismo italiano, ao que mais tarde xuntaríanse os nomes de Rossellini, De Sica, Zavattini, Zampa, De Santis, etc. A este movemento renovador incorporaríanse outros pero con unha visión mais crítica do amor: Passolini, Bertolucci. Ao mesmo tempo en Francia aprarece o "Nouvelle Vague" con Alain Resnais e a sua inolvidábel obra "Hiroshima mom amour" que marcou un hito importante ao siñificar na relación amorosa dos protagonistas, o contexto histórico político. Goddard, Truffaut con películas como "As dúas inglesas e o amor" ou a excepcional "Jules et Jim" na que nos conta unha historia de amor xogada a tres bandas. Outros nomes importantes son Melville, Deferre, Rohmer, etc. Tamén temos ó xigantesco Luis Buñuel que dará paso a Saura, Camus, Chávarri. Iste último, en concreto, ca sua película "A un Dios Desconocido" trataba de forma aberta e con sensibilidade as relacións homosexuais.

Teríamos que facer igoalmente mención aos ingleses, alemáns, etc. En fin, o cine mostrábasenos como un dos medios mais importantes para realizar unha indagación fonda sobre fenómeno amoroso: en todos istes directores i en moitos que non mencionamos, o sentimento amoroso, a sexualidade e o erotismo, son a raiceira fundamental dos resortes dramáticos e argumentais de gran parte das súas películas.

CINE

nos pertenece e nos conforma coma seres humáns.

Eles trataron de plasmar na pantalla os nosos escuros desexos inconfesados, recolleron os nosos fantasmas e quitáronlle as súas ropaxes, constituíndose en falsificada representación dunha realidade, na que aínda que semelle paradóxico, debe importar tanto o real ou conscente como o inconscente, por-

Na actualidade, películas como "El último tango en París", "El imperio de los sentidos" ou "Portero de noche" trituraron cun "tour de force" os vellos esquemas tradicionais e convencionais e conduciron nos nunha viaxe inquedante ao traveso da aínda inexplorada selva do sentimento amoroso, onde mixturaron o inconscente cos resortes histórico-político e sociais ca relación de poder, nun desexo de búsqueda permanente.



Pero son eles, Liliana Cavani, Bertolucci, Oshima quen dín de xeito claro o que se amosa nos seus films. Liliana Cavani decía sobre "Portero de noche": "é unha historia de amor, e as historias de amor non sempre deben se interpretar do xeito tradicional; hai que vélas tamén de forma trastornada, turbada; é nese senso, que se trata dunha historia de amor rosa que se basea na transgresión sexual; trátase dunha tarnsgresión anormal contra a normalidade. Por tal razón, moita xente identificouse cos protagonistas, xa que unha cousa é o que decimos que facemos (e que da gusto escoitar decir, porque a anormalidade ou normalidade aceptada, nalgúns casos é agradábel escoitalo proclamar) e outra distinta á realidade, onde hai tantas agresións...

Eu fago un film, interésame contar a relación entre dúas persoas quitando os velos do que nos gosta ver, para presenciar o que se ve soio ás veces, o que as veces ocurre e ocurre tamén esto (refírese en concreto á relación sadomasoquista estabelecida entre os persoaxes: un oficial das SS e unha xudea) en maior ou menor medida ocurre nas parellas, pero ocurre si somos sinceiras/os.

Oshima, en "El imperio de los sentidos" prosigue o discurso; a locura e o abismo do crime, a explosión dos sentimentos, a lóxica da contención dos mesmos, a transgresión dos sexos, son elementos custionadores da orde social. A transgresión pasa polo sexo e nada mais transgresor que entregarse aos placeres prohibidos pola sociedade (quixera lembrar eiquí o derradeiro film de Oshima "Merry Chistmas, míster Lawrence", onde os protagonistas masculinos dánse o bico mais subversivo da historia do cine).

No "Ultimo tango", o sexo obtén a dimensión de lingoaxe, dunha lingoaxe que supón a derradeira posibilidade de comunicación entre as persoas. Por esta vía, os protagonistas tentan de reinventar á comunicación nas peliculas dínnos que o sexo en libertade siñifica a apertura total do subconsciente, a liberación de toda represión e ante esta circunstancia sobran as identidades, non importa o pasado e pódese prescindir de toda regla. Isto decianoslo Bertolucci, pero naturalmente, teríamos que ser seres novos e impolutos, sen ningunha historia detras para que isto resultara. Cicais todo quedaría resumido dicindo que, ao traveso dos estilos individuais de cada director cinematográfico, tradúcense nunha serie de distintos pontos de vista que confluien nun fiel reflexo da realidade, neste caso da realidade amorosa.

E quixera rematar, manifestando que o amor no cine, non é so o dos persoaxes de ficción, senon o que se estabelece entre eles e os espectadores (na lingoaxe dos sonos, que é o fondo, o da pantalla). Cada quen das que miramos a película podemos reaccionar de xeito diferente, baixando as defensas ante as sombras e luces ou alzándoas, para evitar a seducción. O amor e unha ilusión é tamén un sentimento real e posibel. Ao cabo, é menos perigoso e facedeiro namorarse dunha sombra que dun ser de carne e oso. Os actores e as actrices poden ser, son, a eito, un bó pretexto para o nascemento do desexo e para a súa culminación. E iste non é un rasgo accidental do séptimo arte, senon unha das súas características básecas, que xamáis desaparecerán. A cámara recolle o corpo, o aparta do seu entorno e o transforma nun aceno novo, o amplía nunha dimensión descomunal e o leva a un terreo onde as constantes da percepción se alteran dun xeito irremediabel. As facianas, os ollos, as mans, disténdense na pantalla e golpean a sensibilidade dun xeito novo, monstruosamente intensa, á que resulta moi dificil sustraerse. O amor nasce deste choque e cor il medran os anceios ocultos medran sen remedio, espoleados pola forza da imaxinación, que atopa nas imáxenes cinematográficas o mellor pretexto para unha vida ficticia, radicalmente nova. O amor é un dos núcleos fundamentáis do cine e seguirá séndoo, namentras exista o espectáculo das imáxes en movimento.

con amor ou sin amor... sé ti mesma.

Gostaríame, tamén, reflexionar unha miguiña sobor deses "extasis" de amor que fan esquencer totalmente esa soedade. Do enorme interés que as mulleres temos en namorarnos, en topar nosas medidas laranxas -que mais ou menos modernas- darán razón de ser aos nosos egos, pois axudarán a que nos sintamos máis seguras. A satisfacer esa necesidade que temos de que nos califiquen de raiñas de noite e do día.

Escomenzo contrapoñendo soedade e amor porque penso que desgraciadamente, aínda que gostemos en pensar que o amor é a chispa da vida, ainda que poidamos desfallecer soio de pensar en que nos quedemos sen amor...hai algo de fondo, común que falla. E que de raiz: a nosa propia autonomía a nosa propia personalidade, os nosos propios ouxetivos de seguridade, de independencia... que nos leva, en multitude de casos a buscar a nosa personalidade ao traverso doutra persona. Chega a tal extremo que confundimos o que nos gustaría ser; soio pensamos en como lles gustaría que fósemos. Chega a tales extremos de que nos convertimos en sombras, en personalidades con un gran corazón e moi pouquiña "razón", escoradísimas a sentir, a amar... negándonos o enfrentarnos a nos mesmas, a desaprender casequé todo o adeprendido, a escomenzar de novo, a partir certamente de cero.

Falo de que normalmente o amor non axuda a facilitar eso que de pura lóxica cabería deducir: a solidaridade, o apoio construc-tivo, a comprensión e o profundo respeto da persona que está ao teu lado e á que decimos amar, o respeto a súa libertade e a miña libertade.

Pero o amor concrétase dun xeito moi diferente. As protecciónS mutuas, e enamoramento leva a plantexar cousas tales como:

"Quéroche tanto tanto que si te lías con outra persona, ou te mato, ou me suicido".

"Quéroche tanto tanto que non podo respetar a túa libertade para facer a túa vida ao marxen da miña".

"Quéroche tanto que teño dereito a instalarme no teu interior e controlar os teus sentimentos e pensamentos".

"Quéroche tanto que estou disposta a ceder en todo o que tí queiras, en todo o que te disguste para que non haxa problemas".

"Quéroche tanto que non podo soportar que tí non estés ou meu lado".

Así, con esa dosis de dereito de propiedade sobre a outra persona. Con esa faceta destructiva. Con posesividades que chegan a ser envexas, odios e chataxes. Con ese medo a perder que leva a facer tantas tonterías. Provocando celos. Sentindo celos.

Con esa falla de riqueza no mesmo concepto do amor que leva a que á hora da verdade infravaloremos verdadeiros sentimentos de solidaridade -por exemplo na amistade- porque cando chega o amor cego afasta as mellores amistades.

Con un pouquiño cecáis, de osadía eu atreveríame a dicer que hastra eiquí esto ocurre en xeneral en tódalas relacións amorosas que eu coñezo (con excepcións que seguro confirmarán a regla). Os sentimentos de inseguridade, posesión, éxtasis amorosos que impiden vivir a nosa individualidade de xeito constructivo e necesario, da falla de independencia.

Pero penso que non vale xeneralizar. Que necesariamente hai que leer de difetente xeito si se pensa nunha relación amorosa antre un home e unha muller. ¿Que hai de diferente nesta relación que leva a que os efectos destructivos para as mulleres sexan algo constante?

Partimos xa dunha base diferente, pois partimos dunha desigualdade histórica que neste terreo é imprescindible ter moi presente. Porque como dí a S. Firestone: "decir que as mulleres viven para o amor e os homes para o traballo é unha verdade incontestábel". Partindo desta base, ou da outra da que fala Susan Brogger cando refírese a ese 1 0 1; onde as mulleres fumos perante mouito tempo ceros, aos que non se nos permitía nin tansiquera ter un traballo remunerado fora da casa...

"que sí, que sí ¡ai! que no, que no,...
que tú a mi no me quieres como te quiero yo"

Porque este ponto de partida o trastoca todo. Porque para as mulleres é demasiado importante o amor.

Porque hai un xogo incuestionabél de poder inherente a toda relación amorosa e ese xogo de poder é cualitativamente diferente cando existe un home e unha muller. Porque hai un desequilibrio de poder, con excesivas concrecións de ese poder que os homes exercen sobre as mulleres. Por eso faise especialmente complicado eso da solidaridade, da igoaldade, da consideración mutua... ¿por qué? pois porque continuamente un home vai ter tendencia -ao marxen de boas vontades- a ganar. Porque a virilidade conleva a grandes contradiccións cando se baixa de calquiera pedestal no que EL pode estar subido.

...Pero non me interesa falar do comportamento dos homes. Interesame falar do noso comportamento. Das nosas dificultades para rebelarnos, para non ser tragadas nunha relación amorosa. A nosa dificultade para atrevernos a partir do que somos, das nosas debilidades,; O interés de ser UNHA diferente sempre, partindo ao millor dese CERO que estamos acostumbradas a ser, pero co enorme interés en empeñarnos en saber o qué é exactamente o que nos pensamos, opinamos, somos. Non buscando nunca ao traveso dun individuo a nosa identificación, senón por medio do noso propio pensamento, actuación, creación, maxinación, estudo, crítica,...traballo.

Do interés de non ter tanta fascinación por alguén que impida saber o que nós mesmas valemos, o que nós mesmas temos que valer. A importancia de vencer ao noso -as veces- estúpido corazoncito para saber que a vida é algo moito mais amplo que esas catro palabrillas para as que parece ser fumos enviadas a esta terra: para amar, amar, e amar.

Para amar deste xeito que vale para tan pouco. Porque imaxino que para ben-amar hai que ser seres libres. Que non somos. Seres autónomos e independentes. Que non somos. Personas. Que tampouco somos.

Porque na búsqueda desa utopía necesaria, dunhas relacións humáns baseadas en tan diferentes valores, convén non deixarse vencer. Convén PEDIR MAIS, MOITO MAIS a humanidade. Sabendo que non hai alternativa, posible de illas de felicidade nesta sociedade corrompida que nos tocou vivir, pero sí conscentes de que con todas as distancias que existen entre o noso coraçao e a nosa mente, hai que ir vencendo as nosas fortes dependencias.

Sendo moito máis necesariamente corrosivas á crítica da pobreza das relacións humáns.

Colorín colorado: a sufrir as nosas contradiccións: se estamos enamoradas polo difícil que resulta navegar. Senón o estamos por que ¡cómo nos gustaría! Tentando, cando menos ser nos mesmas, de saber todas as dificultades que temos que vencer.

Rosa García.

COMEçAR DE NOVO

Ivans Lins - Vitor Martins

Começar de novo
E contar comigo
Vai valer a pena
Ter amanhecido
Ter me rebelado
Ter me debatido
Ter me machucado
Ter sobrevivido
Ter virado a mesa
Ter me conhecido
Ter virado o barco
Ter me socorrido
Começar de novo
E contar comigo
Vai valer a pena
Ter amanhecido
Sem as tuas garras
Sempre tão seguras
Sem o teu fantasma
Sen tua moldura
Sem tuas escoras
Sem o teu domínio
Sem tuas esporas
Sem o teu fascínio
Começar de novo
E contar comigo
Vai valer a pena
Já ter te esquecido
Começar de novo.

A Muller na Infor-mación

A muller é mais a míudo suxeto paciente da información que suxeto axente. Nisto, como en tantas outras cousas, o segundo sexo segue a estar francamente discriminado. Non temos mais que botar unha lixeira ollada por riba das páxinas de calquera dos xornais que se editan en Galicia, ou sintonizarmos calquera das emisoras que emiten para este noso país.

¿Càntas mulleres son protagonistas da información que dacote emiten os medios de comunicación social?. De non seren nos casos de mulleres mortas polos propios maridos nun ataque de ciumes, ou noutro tipo de crime pasional, ou de non seren nas típicas o tópicas crónicas de sociedade, ben poucas mulleres están a ser hoxe en día protagonistas da actualidade. Esta afirmación pódese facer extensibel, ben o sei, a todo o mundo occidental, pero estamos a pensar en Galicia e polo tanto, centraremos aquí o noso obxectivo de reflexión e comentario.

E ben certo, e doado de percibir, que a muller non pode protagonizar os feitos informativos porque non os produce. Aquí a pescada escomenza a trabar a sua propia cola. Non se trata de facermos unha análise sociolóxica regurosa que a outros corresponde facer con mais coñecementos e méritos. Sí, en troques, apuntarmos uns dados obxectivos que todos coñecemos pero que, ás veces, de tan evidentes, resultan imperceptibeis.

De tódolos cargos públicos que o goberno galego ten, menos de 1,5 ou 2 por cento son mulleres. Nas corporación municipais acontece outro tanto. Son maioría aqueles concellos que non teñen nin un soio edil femenino, e os que o teñen amóstrano como un auténtico milagre. No eido profisional, ¿cántas mulleres se adican á abogacía, medicina, ensino?. Moitas, é ben certo. Pero, ¿cántas chegan a postos de responsabilidade que lles permitan asumir representatividade cando chega a hora de protagonizar unha información?. Non se trata de monopolizar cámara ou micrófono. Trátase de evidenciar unha realidade constante. Porque o certo é que a muller ama de casa -o 80 por cento da poboación femenina que en Galicia comparte este labor nunha grande maioría con traballos no campo e no mar, é unha poboación que semella inexistente. Tan pouco se fala dela. Tan pouco se ten en conta. Como nas enquisas teríamos de decir: non sabe, non resposta.

Asi pois, vimos de constatar duas situacións que se dan de feito: por unha banda a pouca ou nula presencia da muller nas tarefas da vida pública, pola outra, o mínimo número de mulleres que chegan a cargos de responsabilidade no exercicio do seu traballo profisional. Aquí podemos entrar no manido tema da falla de oportunidades e dos escasos alicientes que a muller atopa na sociedade actual para incorporarse a ela ó mesmo ritmo que o home. Eu persoalmente non creo que o ideal sexa cair na mesmas trampas que o capitalismo por na competitividade e no espírito do triunfador, masculino por antonomasia pero a falla de decisión da muller por rachar coa inercia da vida en segundo plano non está a contribuir en absoluto ó seu desenvolvimento como persoa.

Se cadra hai que reflexionar tamén sobre o por qué da pouca participación das mulleres nas tarefas políticas. E posibel que a estructura dos propios partidos e a falla de alternativas concretas a asumir polas propias mulleres teñan contribuído á isto. Aquí hai unha grande crítica que facer ós partidos de esquerda, por outra banda xa formulada noutros sitios e momentos, por teren a problemática da muller sectorializada ou como algo complementario.

O certo é que a muller, ese ser humano que conforma mais do 50 por cento da poboación de claquera país, é un sector da sociedade que non fala, que non opina, que non ten voz e que poucas veces se ve na vida pública.

AS XORNALISTAS

No outro lado da cuestión están o fato de mulleres que se adican á información. Un número que medra considerabelmente cada día pero que segue a ser minoritario en relación cos periodistas masculinos. A incorporación da muller á prensa é relativamente reciente e pódese considerar como un "boon" que se produce a partires dos anos 70.

Así e todo, temos de recoñecer que en calquera redacción dun medio informativo, a porcentaxe de mulleres non adoita ultrapasar o 20 ou 25 por cento dos profesionais.

O medio periodístico é de seu agresivo. En poucas profisións coma nesta están presentes a competitividade, a presa, a escravitude da primicia, do mais sensacionalista ainda. O medio semella feito á medida do home. Se cadra por que está propiciado e pensado por e para eles. A muller xornalista debátese decote nun mundo protagonizado por persoeiros masculinos. Os interlocutores son caseque sempre homes. A muller ainda é observada por moitos dos entrevistados cóma unha doce dama á que hai que sorrir e piropear mesmo, se cadra. Cando unha muller é incisiva, solprende, disgosta. Aquilo de que as mans brancas non ofenden está deixando de ser asumido por quen o inventou.

A dinámica é a dun traballo sen horario. Ainda que a regulamentación laboral prevé xornadas de seis horas diarias, a realidade evidencia a nece dunha adicación constante, cáseq lusiva. Certamen difícil de c tibilizar cunh familiar normal.

PRENSA PARA MULLERES

O título deste traballo refírese ás mulleres e á información. Tencionamos enfocalo dende a perspectiva da información xenerada por mulleres, e dende a óptica das mulleres que fan información. En resume valería dicir que neste, como en tódolos demas eidos da vida, a muller vese relegada a un segundo plano. E un conclusión exclusivamente sinxela, se cadra, pero obxectiva. Non tentaremos de facer moralexas. Cada quen pode facer a sua propia interpretación. O cabo, o feito é que como mulleres temos todas unha problemática semellante.

Nembargantes é tamén un feito que esa problemática, eses intereses comúns non atopan reflexo nos medios de difusión ó uso. Agás algunha acción dos colectivos feministas, tratada cáseque sempre como unha anécdota curiosa, o tratamento que a loita da muller recibe é cativo e insuficiente.

A prensa "femenina" tipo Telva, Hogar y Moda, ou a mais recente Dunia están enfocadas como un medio para favorecer o estereotipo que asemade reflexan e proxectan de seguido o cine a a TV: Unha muller aparentemente liberada porque traballa fora de casa; unha muller "actual", moderna, desprexuiciada para según qué cousas, pero fundamentalmente idéntica ós modelos das suas nais e aboas. Na prensa do corazón as cousas van ainda mais lonxe. E desesperante comprobar a manipulación de que é obxecto a "starllette" de moda, a modelo fotográfica, a historia de calquera aspirante a actriz, idénticas unhas ás outras, coa utilización levada ó cumio da muller como obxecto.

Logo están todo tipo de fascullos, soltos, páxinas recortabeis e coleccionabeis nos que se nos adoctrina sobre cómo sermos mais fascinantes, cómo cociñar millor, cómo criar ós nosos pequenos, e un longo etcétera de asunción do rol da muller nai- compañeira-amante-exhibibel.

Qué mais podemos constatar que non estea xa dito ata a saciedade. Se acaso, reclamarnos un trato digno por parte dos medios de comunicación de masas, axudas para o nacemento de revistas e prensa ben feita, pulos para que a muller media saia do seu mutismo, para que lle perda o medo á participación política, unha educación que non fomente a diferenciación sexista dende os primeiros anos na vida dos rapaces, unha sociedade menos agresiva, menos competitiva, onde os valores en uso non sexan somentes os impostos polo elemento masculino.

Pedido queda. Como queda suscinta-

Pedido queda. Como queda suscintamente reflexado o papel que a muller está a xogar hoxe en día con relación a información.

María Xosé Porteiro.

A información sexual un tabú; a anticoncepción, limitada a cativos sectores da poboación traballadora; a perda de postos de traballo ocupados por mulleres, cotidián; o aborto libre, proibido; a imaxe da muller nos medios de comunicación, vergoñenta; o lesbianismo, un escándalo; as violacións sofridas a cotío, mesmo na cama matrimonial...e, grosso modo, a política que o goberno psoe ten ofrecido ás mulleres dende que ocupa o goberno central.

As cousas para nós, a verdade, non teñen mudado pesie a quen vaticinaba cambeo e contra quen cismaba que, coa chegada so psoe, as mulleres obteríamos milloras importantes.

Que os gobernos iñoren ao Movemento Feminista, é algo ao que estamos afeitas.

Que se pase por riba das nosas demandas, dos intereses das mulleres é un moi vello patrimonio dos poderes públicos que coñecemos.

Que creen un Instituto da Muller para facermos creer que se ocupan de nós, que nos teñen en conta... vale. Que nós, ao cabo, rematemos creéndoo, é cousa nosa.

QUE E O INSTITUTO DA MULLER, PARA QUE ESE INSTITUTO.

Ao Boletín Oficial das Cortes Xerais de 26 de Xullo de 1983 remito. Que sepamos, noustante, que, amén de ter coma presidente a un flamante Sr. Ministro de Cultura e como director (tal e como alí reza) a Carlota Bustelo, o Instituto da Muller, é un organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Cultura que ten coma finalidade primordial: "En cumplimento e desenrolo dos principos constitucionais, a promoción e o fomento das condicións que posibiliten a igoaldade social de ámbolos dous sexos e a participación da muller na vida política, cultural, económica e social. A tal efecto terá ao seu cárrego un feixe de funcións" enumeradas en 13 pontos, entre os que están as relacións co Movemento Feminista.

O Instituto defende, no que respecta ás mulleres que a millor política a única política, é aquela que poda ser desenrolada nos márxenes da política do goberno. E, a política realista, a que se debe aceptar, a que convén desenrolar, tentando descalificar aquela outra política -a que levamos no Movemento Feminista- que non quere facer tragar ás mulleres a política do posíbel, senon precisamente do imposíbel, do asalto do ceo.

O Instituto sitúase claramente nunha política de reformas, de parches, da cativas milloras coas que chegar a centos de mulleres, presentándose diante delas coma o intrumento capaz, a ferramenta imprescindíbel para conseguílas.

Claro... andamos neste tema nun nivel tan primario que calquera cousiña que se diga ou se faga xa parece o nova mais, a liberación en marcha.

Asi, se se crean centros de información sexual... queda do mais "demasiado".

Se o Instituto fai unha campaña, por limitada e discutíbel que sexa, contra os maus tratos e as violacións que a cotio sofrimos, hai xentes que pensan que é do mais avantado e novidoso.

Pero, o que é demasiadísimo é que non haxa centros de información sexual abondo. E demasiadísimo que os que andan creando non sexan, nen tan siquera eso, senon de planificación familiar que o seu só nome xa o explica todo.

E demasiadísimo tamén que vivamos nunha sociedade na que os homes poden exercer todo o poder e tirania que lle ven en gana sobre as "suas" esposas sen que os poderes públicos digan nada (mesmo sexan artífices os seus membros de tais desmáns (1), antes ben, alenten ás mulleres a continuar a ,,dignísima" profesión de santa e sofrida esposa.

Claro, a este nivel de cousas, duas ou tres reformas que o Instituto logre poñer en pe, vai aparecer aos ollos de muitas mulleres coma o camiño mais axeitado para a conquista das suas demandas.

Porque educa ás mulleres ás que chega (financiando actos que precisan de medios que o Movemento Feminista escasamente dispón) na conformidade coa sua situación un chisco millorada porque, segun elas, segundo a filosofia política imperante, é a úneca posíbel.

...E A ORIENTACION DAS ACTIVIDADES DO INSTITUTO...?

Ter creto en sectores diversos de mulleres é un dos obxetivos importantes, cando non fundamentais do Instituto.

As suas actividades son, polo tanto, bastantes diversas, segundo os sectores de mulleres ás que queran convencer ou enganchar para o seu proxecto, para a sua política. Ou ben, crear palancas que lle permitan asegurar mais e millor o anterior.

Asi, se invirten partes sustanciais dos seus presupostos en invitar a Madrid a Yvette Roudi -ministra francesa da condidión femenina- e ao seu séquito para intercambear opinións e experiencias; nun "Congreso de mulleres xuristas de fala hispana"; nun seminario sobre a Comunidade Económica Europea e as mulleres españolas...

Mais importante, se cadra, é que tenten ocupar terrenos de actuación ata o presente ocupados polo movemento feminista, pretendendo tirarlle o protagonismo, sen recoñecer que se fan atendendo á concencia que o Movemento Feminista ten creado sobor desas demandas, e, sen querer facelas tal e como o movemento plantexa.

Ou gañar para a sua causa a mulleres organizadas ou próximas ao movemento con ofertas atractivas e tentadoras.

Ou desenrolando unha política de subvencións, de apoios económicos a actividades do movemento mais lúdicas ou cultu-

rais que de loita, que orienten a atención do movemento nesa dirección.

Ou ofrecendo ao Movemento a realización de "labouras asistenciais" tentando convertilo nunha "asistenta social" do Estado -via Instituto da Muller.-

Ou financiar e apoiar as estructuras do Psoe coma "mujer y socialismo". Ou crear grupos de mulleres de orientación claramente reformista.

Se o Instituto da Muller, se as mulleres que están aí tiveran unha decidida vocación feminsita, se quiseran contribuir dende aí a criticar o tan impresentábel programa "feminista" do Goberno e a pular ao Movemento Feminista, a crear concencia nas mulleres ás que cos seus medios poden chegar a prol da sua emancipación, velaí teñen unha posíbel contrapoposta de programa que se me ven mais precisa e necesaria no momento presente:

* Distribuir ou financiar locais para as organizacións de mulleres, para posibilitar tamén que alí poden acudir as mulleres en demanda de información, apoio, debate.

* Financiar á Coordinadora de organizacións feministas do Estado Español.

* Financiar e apoiar a campaña do MF "Polo dereito ao aborto. As mulleres decidimos" e criticar a misérrima despenalización do Goberno, editando a proposta de lei do Movemnto e subvencionando a aprendizaxe do Método Karman - aborto por aspiración-.

* Crear casas de refuxio para mulleres maltratadas e agredidas tal e como, por exemplo, lles propuso a Coordinadora Feminista de Navarra e que se negaron a aceptar.

* Promover unha fortísima campaña en contra das violacións segundo a orientación decidida no Movemento.

* Crear entre as mulleres a sólida concencia do seu dereito a un posto de traballo digno e ben remunerado en contraposición ao "oficio" de esposas e nais.

* Esixir un programa quincenal na TV que teña como obxetivo a reivindicación do placer sexual das mulleres e, en contra da norma heterosexual.

* Dimitir, sen mais, logo de presentar ao Goberno unha lei de censura, a cárrego do M.Feminista sobre a TV, que permita impider as imaxenes lesivas ou degradantes para a muller tanto na publicidade coma en series, películas ou debates.

Claro... esto tan elemental e que nen siquera pon en cuestión a esta sociedade nos seus fundamentos, non se fai. Non se vai facer. Nen queren, nen poden.

A cambeo, fica muito mais elegante que a TV monte programas de debate ao que non se convida a ningunha muller do MF. Lévase ao carcamalerio e a Carlota Bustelo. Esta, así, pode quedar -e queda- aos ollos da opinión coma o mais avantado e feminista do mundo.

O pouquiño que o Instituto ten feito a prol da igualdade, é minimo. Elemental. Moito mais teria que facer sen propasarse nada. Son labouras do Estado atender as demandas e direitos das mulleres. Que non o faga, só merece críticas. Que o Instituto quera lavarlle a cara ao Goberno para que semelle que fan algo namentras agachan ao seu programa -por activa ou pasiva- de despidos, paro, traballo doméstico violacións, fillos non desexados, abortos clandestinos, lesbianismo agachado... é u problema do Insitituto, e non por elo merece loubanzas e muito menos apoios.

De nós depende distinguir a palla do grau, e saber, tamén, que non é ouro todo canto reloce.

FRENTE AS INSTITUCIONS O MOVEMENTO FEMINISTA DEBE REFORZAR A SUA AUTONOMIA.

Porque nesto váisenos a vida. A vida dun movemento que debe gardar e defender a sua própria capacidade para decidir de si mesmo.

Un movemento que debe manter ben outa a bandeira da liberación da muller contra vento e maré. Capaz de medrar, de seguir chegando ás mulleres para que estas tomen concencia da nosa situación. De poñer o dedo no ollo, xusto alí, onde doe.

Un movemento capaz de non doblegarse nen ceder diante de nada nen de nadie: nen por ser poucas, enn por medo ao ridículo, nen pola pouca "incidencia", nen porque a presión do grande (ande ou non ande), do legal, do presentábel, do que "ten algo que facer"... anque todas estas presións sexan muitas e fortes. Un movemento capaz de non se deixar domesticar, plir proque resulta en exceso radical e subversivo para alguns.

Se o que demandamos e lidamos é xusto, e temos esa gran certeza. Anque sabemos que non no lo van dar, non é tarefa do movemento abandonar porque semella imposíbel.

As utopias teñen feito, precisamente as utopias, andar á historia nun senso positivo. O que algun dia foi cativo, non tiña importancia e mereceu o desprezo e ridículo dos seus contemporáneos, á volta do tempo e con muita teimosia, outro dia faise imparábel.

E... non hai mais que mirar para atrás na historia.

Nanina Santos.

PUB
Aurora Royale
Ría Ciega, 4.
A CORUÑA.

suteca
SANTIAGO DE CHILE, 26 BAJO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
TELEFONOS 59 96 39 - 59 99 72



LESBIANISMO

CONTRA A NORMA HETEROSEXUAL...
¡ LOITEMOS O DIA DE LIBERACION DE LESBIANAS E HOMOSEXUAIS!

Hai xente que considera muito defender o dereito das lesbianas e xistir. A democrácia, recoñecen, reclama o dereito das minorias a expresarse.

Sí, a democracia patriarcal, é capaz de reclamar calquera cousa con tal de que non se cuestione a fondo a norma heterosexual.

Tampouco habería problemas en chegar a recoñecerlles bares e discotecas de ambente, para que elas -probes- teñan lugares aos que acudir, ligar, facer a s suas cousas...

Mesmo, poderíaselle recoñecer cousas como o matrimonio.

O que fixera falla,sempre que fique claro que o "normal", o que compre, é a heterosexualidade.

Pero nós, lesbianas, imos mais aló. Non nos conformamos con eso. Queremos mais. Muito mais. Por iso dende hoxe queremos explicarvos as nosas posicións.

Para que naide se chame a engano, non estamos dispostas a ademitir a nosa existencia reducidas a guethos. Non queremos que, coma obxetos de circo, se nos reduza a gaiolas, a uns lugares acotados nos que poder expresarnos a condición de reprimirnos en calquera outro lugar do mundo.

A nós, non nos molesta que unha muller bique apaixoadamente a un home en público, en calquera lugar -ou viceversa-.

E non é eso mais normal, mais lícito que nós desexémos collernos, tocarnos, bicarnos pola rua, nun bar, nun cine, nunha praia. En calquera parte.

Non aceptamos, non, que se compre o noso silencio a precio de "darnos" uns cachiños de mísera libertade.

Nós, cuestionamos a norma heterosexual.

Cuestionamos a moral patriarcal.

Reivindicamos orgullosas o noso lesbianismo.

E decímolo en público.

- *porque non temos nada que agachar. Nada do que avergoñarnos. Nada que investigar con psiquiátras e psicólogos dos nosos gostos sexuais, dos nosos comportamentos.*
- *porque estamos ledas da nosa propria sexualidade. Dos nosos orgasmos, dos nosos clítoris, de todo o noso corpo. Das emocións e sentimentos que espertamos na sexualidade.*

Cuestionamos, sí, que a moral patriarcal

- *reduza a sexualidade a etapa fértil da vida, a etapa reproductiva*
- *a restrinxa á xenitalidade, e, en especial ao coito.*
- *limite a sua expresión ao marco familiar.*
- *negue o placer sexual ás mulleres.*

Non queremos aceptar nen un dia mais a norma heterosexual que decide que a normalidade está na relación home-muller e nega que duas mulleres podamos amarnos.

Nega qu duas mulleres podamos disfrutar sexualmente xa que non temos a un home (un pene) á nosa veira.

E nós, dicemos NON. E coidamos que é mui importante que o conxunto do Movemento Feminista e de mulleres apoie estas posicións.

Porque é vital para as mulleres reivindicar o seu corpo, o proprio, sen nengunha "complementariedade".

Reivindicar o proprio placer sexual.

Reivindicar unha libertade sexual que non teña fronteiras, que non remate así, xusto onde a esencia da norma impón o tope.

E. o millor xeito de o facer é que o Movemento Feminista non acepte nen por un dia mais a norma heterosexual.

Que defenda con orgullo o lesbianismo. O noso lesbianismo, o de todas sen ningunha caste de medos nen vergoñas.

E o xeito de escomenzar a rachar, de todo, coa ideoloxia dominante que na sexualidade nos ten imposto unha norma que nos ata a unha sexualidade que nega o placer sexual ás mulleres, que nos nega propias, lesbianas.

Comisión lesbianas da Asociación Galega da Muller
Santiago.



DE PELICULA

TIDUO ORIXINAL: "HELLER WAHN". GUION E DIREIZON: MARGARETHE VON TROTTA. INTERPRETES: HANNA SCHYGULLA (OLGA), ANGELA WINKLER (RUTH), PETER STRIEBECK (FRANZ), CRISTINE FERSEN (ERIKA), FRANZ BUCHRIESER (DIETER), WLADIMIR YORDANOFF (ALEXEI), AGNES FINK (A NAI), FELIZ MOELLER (CRISTOF).

Denantes de contemplar esta película que fai pouco se proiectou nun cine da niña ciudade, preguntábame o porque de que a sua presentación no Festival de Cine de Berlín erguera tantas polémicas e liortas (nestas alturas da vida unha cree que nos festivales de cine se dixereu de todo), pero a medida que as secuencias pasaban diante dos meus ollos, a miñ pregunta íase respostando con tremenda contundencia. MARGARETHE VON TROTTA sigueu a máxima de Sthendal (en canto a efectividade e credibilidade dunha historia), porque a película é un espello no que se reflexa a sociedade alemana con todalas suas contradiccións e non precisa fabricar ningún vidro deformante para que as suas características mais acusadas sobresaian.

A VON TROTTA, como profesional que é, colaboradora e protagonista dalgúns finls de Fasbbinder, guionista e colabouradora asidua de Veker Schlöndorff (seu marido): Fuego de paja, Tiro de gracia, El honor perdido de Katharina Blun; direitora de "Las hermanas alemanas" etc., renunciou ao sinxelo camiño da "panfletada feminista", seguindo por uns canles mais rigurosos e polo tanto mais efectivos á hora de contarnos a historia das protagonistas. Dirixe o film con pulso firme, cuidando a posta en escea con auténtico mimo e resaltando cada localización e encadre, cunha cámara que nos fai traspasar a dimensionalidade da pantalla, facéndonos vivir a historia, casi, casi, na pel dos persoaxes. E para mostra tomemos por exemplo, os escearios (no que se desenvolta a vida de Olga e que nos dibuxa con forza a sua personalidade) son sempre espacios abertos, cheos de luz, en donde podese apreciar o seu senso da vida, da sua sensualidade, donde resalta a sua autocomplacencia, a sua independencia, a sua reafirmación de ser, a sua casa é en suma ela misma e casi tocamos o clima que vai creando no seu entorno, un clima de seguridade no que pretende refuxiarse su ex-marido, no que protexe ao seu compañeiro Alexei e no que quere participar Ruth.

Polo contrario Ruth aparece sempre rodeada de tonos sombrios, a sua casa na que os muebles e cores están dispostos nunha línea de frialdade xeométrica e espacial, contribuien a illala do su entorno, a sua casa non é ela. Cando fala con Olga dille que a decorou a nai do seu marido (alguén alleo a ela mesma, a sua casa é a sua cadea). Os sonos de Ruth en branco e negro, as copias de antigas pinturas (negación do existente) son ao mesmo tempo que unha barreira de incomunicación, unha chamada descarada cara a sua persoa, lanzandolle a Olga un berro de auxilio para que ésta a axude a sair do furado no que se atopa metida. En principio Olga rexeita esta chamada, presentindo cecais que a sua relación con Ruth, lle mostre a sua inseguridade, e que a sua situación na sociedade e ficticia.

Son duas vidas paralelas as dos nosos persoaxes ao comenzo da narración, que finalmente converxen hacia un ponto en donde non cabe ningún arroupamento. As duas son a muller que a sociedade configurou, para seguir mantendo a sua inalterabilidade.

A Von Trotta con gran honestidade e a pesares do que poida parecer, sen concesións (neste caso as feministas), logrou contarnos unha historia clara, eu diria que diáfana, limitándose a seguir o seu punto de vista de muller sin anteollos.

En todalas entrevistas, di que considera a existencia cotidián como o resultado da confluencia do público e do privado, da suma dos condicionamentos exteriores mais os persoales. "A sociedade na que vivimos se infiltra en nos a cotío cas suas presións e mecanismos inconscentes que logo de xeito voluntario ou involuntario transmitimos a sua vez ao noso próximo". Pois ben, ela soio limitouse a coller unha cámara seguíndonos na nosa cotidianeidade.

E quero rematar miñas reflexións en col desta pelicula, decindo que calquer obra, sexa cinematográfica, literaria, etc., está suxeita a tantas leituras ou visións como persoas sexamos os seus degustadores ou degustadoras, por eso na medida que vou escribindo son conscentes da miña subxetividade á hora de falar deste film. Todas e todos nos contemplamos ou recoñecemos nalgunhas das actitudes das protagonistas, e este é o motivo de que o seu "pase" no Festival de Berlin, levantara tantas "ronchas". Dalgún xeito contribuimos a suicidios, incluso cando pretendemos "salvar", dalgún xeito nos inhibimonos cando nos piden auxilio, dalgún xeito temos unha especie de autocomplacencia de ser unhas "adiantadas da sociedade", dalgún xeito somos tremendamente inseguras e dependentes e temos medo de vernos nos rostros doutras mulleres no que todo isto mostrase sin careta. En fin si non víchedes a película atrévome a recomendala por boa e sobor de todo por honesta e polémica.

Mª E. Cores

ulises sabiao

Os encantos das sereas
penetran nos misterios das entranas
latexando nas venas
zumbando nos ouvidos
parpadeando nas miradas
cuativándote na articulación dos silencios
para abandoarte logo
-coas mans carregadas
de añoranzas,
os ollos de vagoas-
sumerxíndose no máis profundo
e inacadable do océano
en noites de mar embravecido
condenadas a perpetuarse fora dos almanaques.

María



"La mujer nueva y la moral sexual"
Alejandra Kollontai. Edit. Ayuso.

"Con los ojos abiertos".
Marguerite Yourcenar. Edit. Gedisa.

"Feminismo y Revolución"
Sheila Rowbotam. Edit. Debate. Tribuna Feminista.

"Las Feministas. Los movimientos de emancipación de la mujer en Europa, América y Australasia: 1840-1920"
Richard Evans. Edit. Siglo Veintiuno.

"Ensalada loca"
Nora Ephron. Edit Anagrama. Contraseñas.

"Madame Bovary"
Gustave Flaubert. (Atención as traduccións).

"La Regenta"
Leopoldo Alas Clarín.

Recomendamos

8 de marzo

O conxunto da Coordinadora de Organizacións Feministas de Galicia convocamos unha manifestación unitaria para o día 11 de Marzo en Santiago, que foi apoiada pola meirande parte das organizacións políticas e sindicais de esquerda. A participación foi numerosa sendo moi destacabel o cortexo do M.F. A cabeza da manifestación ian duas mulleres parodiando a doble xornada de traballo (na fábrica e na casa). Foi unha mani moi combativa, como novedade incluíronse consignas como "defendamos con orgullo o noso lesbianismo". Ao rematar dempois da lectura dun comunicado do M.F., as mozas da A.G.M. de Santiago representaron un teatriño para ledicia de unhas e criticas de outros, encol da imaxe da muller na publicidade e a visión que boa parte dos homes "progresistas" teñen das mulleres feministas, do feminismo... Logo houbo unha comida de mulleres que confiamos poida ser millor organizada nos vindeiros tempos.

CAVILAGRAMA



HORIZONTAIS:

A. Fanse neste país en pésimas condicións e se te collen enchirónante. / Hay xente que dí que se lle picas cunha agulla, berran.
B. Era marino nos contos. / Consonante. / Ao revés menos misíis e máis pan.
C. Grupo que trae de cachola á cómplice inglesa de Reagan. / As sen deus. / Vocal.
D. Montón de gramos de "chocolate" que che confiscan na fronteira. / Rebuznas como Fraga.
E. Non consintas que che coman. / Terceira letra do abecedario. / Ao revés parte do corpo que ten natureza córnea.
F. Era feminista e baiíaba que nin dios. / Ao revés, non eiquí.
G. Consonante sinxela pero se non a atopas, deixaa para o final. / Paraxe que ten vexetación abondosa. / Sácase das avellas.
H. Tenro, suaviña. / Hainos olorosos (cheirantes), ruidosos, silenciosos e inodoros, e istes teñen a peculiaridade de que lles falta unha "i" no meio. / Vocal.
I. Indicio para dar a entender unha cousa. / Díse dos moi, moi pequerrechiños.

VERTICAIS:

1. Homes amarelentos.
2. Falo nas tendas cando non te miran porque está moi mal visto pero... afórrase moito. / Pronome persoal.
3. Nome de muller. / Repetida só temos unha.
4. Símbolo químico. / Xuventudes Revolucionarias Democráticas. / Entón, naquel intre.
5. Matrícula catalá. / Ainda que os sumes, non terás nada.
6. Poema chorón./ En Sabucedo é unha vez ao ano.
7. Consonante. / Pediríamoslle a Fraga e aos seus secuaces que non nos... as nocas.
8. ... ou non ser. / Está na berza.
9. Repítese en "ni fu ni fá". / Nome moi correntiño de muller. / Felipe baila as ... dos militares.
10. Nós loitamos por un gratuito. / Ao revés, artigo plural.
11. Nené, gugú,...ta. / Lugar onde ensinan moitos que non saben.
12. Secta político-relixiosa da que se dí que o seu fundador fixo milagres económicos, claro !. / Os moros fanno todo por il.